

Espazo oculto  
Fotografía sobre dibond  
120 x 156 cm  
Edición 3 exemplares  
2008



Espazo para unha soa vez  
Fotografía sobre dibond  
120 x 156 cm  
Edición 3 exemplares  
2008



O interior dun home só  
Fotografía sobre aluminio  
60 x 40 cm  
Edición 3 exemplares  
2005



## A POÉTICA DO BALEIRO

Cando Diego Casado fala da súa obra, di: arquitectura, textura, escala, luz, espazo. Semella que está a falar de pintura e porén son fotos o que el fai. Fainas porque non retransmite o que ve senón que constrúe o que quere que vexamos.

Son espazos que pasan da mente ao caderno e de alí ao taller do carpinteiro para volver ao estudio e ás augadas sucesivas na procura dos relevos, dos tons de cor e dos xogos entre ambos os dous.

O resultado é unha obra que aos afeccionados a ver exposicións nos sorprende e nos atrapa. “Non hai nada aí, non hai ninguén”, pensamos, para deseguido adiviñar que o espazo que vemos está completamente cheo, que é un universo mental e estético arredor do aparentemente simple.

Ao internarnos no museo que alberga as súas fotos atopamos estas imaxes de paredes, baleiros e entradas de luz. É a arquitectura dentro da arquitectura, e a unha lémbrale as ilustracións do libro de Lewis Carroll cando Alicia atravesa mundos con espellos e pisos axadrezados, realidades que se desdobran, á maneira tamén dos relatos de Dylan Thomas.

E logo está o elemento absurdo, o desacougante, o que non se controla: os foxos, as caídas ao descoñecido, os percorridos que non deixan ver o que hai máis aló.


Ficamos entón parados diante daquela simpleza tan fermosa e descubrimos que estamos dentro. Somos o elemento que completa a imaxe, o ser humano nun espazo no que está el só.

A soidade, podemos dicir nós. O íntimo, di Diego Casado.

**M. Neves Paz Vilar**

# DIEGO CASADO

>  
O adeus (II)  
Fotografía sobre aluminio  
60 x 60 cm  
Edición 3 exemplares  
2006



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

75 ANIVERSARIO  
MUSEO  
PROVINCIAL  
DE LUGO  
CONSEJO DE FUTURO